

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 8**  
**REGULADORA DA TAXA DE PRESTACIÓN DO**  
**SERVICIO DE SUMIDORIOS E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS.**

**Artigo 1. - Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, contendo as normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa, a utilización do servizo de sumidoiros para evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, sendo obrigatorio que os seus desagües e acometidas se fagan á rede xeral ou ós seus ramales

**Artigo 3. -Obriga de contribuir.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, mediara ou non a pertinente autorización. Entenderase iniciada a actividade municipal na data de presentación da oportuna solicitude de licenzia de acometida, se o suxeito pasivo a formula expresamente, e noutro caso, dende que teña lugar a efectiva acometida a rede de sumidoiros

**Artigo 4º. Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Respecto o servizo de sumidoiros as persoas que aparezan como beneficiarios e usuarios, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares a efectos do abono do servizo de abastecemento de auga ós inmobles.
- b) Nos servizos de acometida, o solicitante, ou de non mediar autorización, os que a realizaran, e se fose descoñecido, o propietario do inmovible beneficiado.

**Artigo 5.- Base de gravame.**

A base do presente tributo verá determinada:

- a) No referente o servizo de sumidoiros, polo volumen de auga consumida, medida por contador.
- b) No caso de que as fincas ou actividades tiveran servizo de sumidoiros e non servizo de augas, tomarase como base imponible a base liquidable do Imposto sobre Bens

Inmobles de natureza rústica e urbana. Se non figuran en tales documentos, a base determinarase en función da valoración realizada por técnico municipal.

### **Artigo 6. Tarifas.<sup>1</sup>**

Aplicaránse as seguintes tarifas:

1. Por cada acometida á rede xeral.  
Por cada vivienda ou local ubicado no inmovible . . . . . **60,00 €**
2. Inmobles que dispoñan do servizo domiciliario de auga:
  - 2.1. Cota de dispoñibilidade do servizo para consumo domestico, ó trimestre . . . **1,80 €**
  - 2.2. Por cada m<sup>3</sup> de auga consumida en uso domestico . . . . . **0,12 €**
3. Inmobles que non dispoñan do servizo de abastecemento de auga.  
Tipo de gravame a aplicar sobre a base liquidable . . . . . **15%**
4. Outros servizos que se presten polo Concello en materia de sumidoiros tales como de realización do enganche; pola unidade xestora formularase a conta do persoal e material utilizado procedéndose á liquidación correspondiente.

### **Artigo 7. Periodo impositivo e cobranza**

1. As cotas que resulten de aplicación da tarifa do epígrafe 2 do artigo anterior terán carácter trimestral e recaudarase conxuntamente co recibo do servizo de auga.

2. As cotas liquidadas conforme o previsto no epígrafe 3 agruparanse nun Padrón que se cobrará por ano. Neste suposto a cota será irreducible e devengarase integramente o primeiro día do ano natural, calquer que sexa o momento en que se empece a prestar o servizo.

3. As cotas correspondentes ós epígrafes 1 e 4 recaudarase por ingreso directo cando se solicite a prestación do servizo

### **Artigo 8. Normas de xestión.**

1. Os propietarios de edificios e vivendas ou, no seu caso, os usuarios do servizo, estan obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuir.

2. Tratándose de inmobles que non dispoñan de servizo domiciliario de auga, as altas surtirán efectos o mesmo ano en que se produzan e as baixas no ano seguinte a aquel no que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento das oficinas municipais dentro dos 15 días seguintes a aquel no que se produzan.

3. Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de auga, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo de auga.

### **Artigo 9. Infraccións e sancións**

---

<sup>1</sup> modificado por acordo plenario do 22.10.03, de aplicación a partir do 01.01.2004

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte de setembro de mil novecentos noventa e cinco, entrara en vigor o día un de xaneiro de mil novecentos noventa e seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.